

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA
21 DE MAIO DE 2015

- 1º.- Apróbase, por asentimento, a acta da reunión extraordinaria do día 18 de marzo de 2015 enviada a todos os membros da Xunta como anexo á convocatoria da presente reunión. En relación coa acta da reunión ordinaria do día 6 de marzo de 2015, tamén remitida como anexo a esta convocatoria, apróbase coas seguintes modificacións, a proposta da Vicedecana de Calidade e Planificación, Dª. Marta Fernández Prieto:
- No punto 6º da orde do día engádese, como segundo párrafo, que “Así mesmo informa que por un erro non se remitiu xunto coa convocatoria desta reunión o Anexo 3 (panel de indicadores) do Procedemento de Seguimento e Medición DE-02 P1 índice 04, elaborado pola Área de Apoio a Docencia e Calidade e non modificado polo noso centro e solicita que se someta a aprobación da Xunta de Facultade”.
 - No mesmo punto da orde do día, no acordo, modifícase o punto relativo ao Procedemento de Seguimento e medición DE-02 P1 índice 04, quedando redactado do seguinte xeito: “Procedemento de Seguimento e medición DE-02 P1 índice 04 e anexos 1 (Ficha de indicador), 2 (Petición de indicador) e 3 (panel de indicadores)”.
- 2º.- Apróbanse, por asentimiento:
- A data de inicio do curso e das actividades académicas da Facultade de Dereito para o curso académico 2015/2016 (4 de setembro de 2015).
 - Que as probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de decembro da Licenciatura en Dereito para o curso 2015/2016 celebraranse nas datas establecidas para as probas de avaliación da convocatoria “de fin de carreira” (do 5 ao 23 de outubro de 2015).
 - Os calendarios de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito e do Máster Universitario en Avogacía¹.

¹ Os calendarios poden consultarse na Secretaría do Decanato.

- d) A renovación de Comisión de Garantía de Calidade. No sector dos egresados do Máster universitario en Avogacía substitúese a Dª. Tatiana Lima por Dª. Ana Mª. Martín Romero.
- e) As emendas presentadas ao Regulamento de Régime Interno da Xunta de Facultade de Dereito².
- f) Delegar na Comisión de Garantía da Calidade a aprobación das guías docentes.
- g) Delegar na Comisión de Garantía da Calidade a aprobación das alegacións aos informes de seguimento.
- h) Delegar na Comisión Permanente a aprobación das solicitudes que se presenten para as “Axudas de actividades extraacadémicas e de difusión cultural” da Facultade.


Ourense, 22 de maio de 2015

A SECRETARIA DA FACULTADE

Decanato
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo
Maria Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 21 de maio de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 22 de maio de 2015.


Concepción Martínez Martínez
Secretaria do Decanato da Facultade de Dereito

² As emendas poden consultarse na Secretaría do Decanato.